



**CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA**

**Memoria da Presidencia**



## Memoria da Presidencia

Santiago Villanueva Álvarez, na súa calidade de presidente do Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña, mediante o presente documento e dando cumprimento ao disposto polo artigo 168.1.a) do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, artigo 18.1.a) do Regulamento que desenvolve parcialmente ese Texto, aprobado polo Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, e en relación co disposto polo artigo 14.4 dos Estatutos deste Consorcio, aprobados polo Decreto 258/2002, do 30 de xullo (con modificado por mor do Decretos 151/2006, do 31 de agosto e 62/2009 do 12 de marzo), formulo a Memoria explicativa do contido do Orzamento deste Consorcio para o exercicio de 2015 e das principais modificacións que presenta respecto ao aprobado para 2014.

### Consideracións previas e marcos económico e legal:

Analizando as Memorias da Presidencia dos Orzamentos de 2012, 2013 e 2014, lembrábase a consolidación do Consorcio xa que, de feito, o Orzamento que agora se presenta é o décimo terceiro documento orzamentario que se somete para a aprobación, polo que esa consolidación segue sendo unha realidade indubidable o que significa, de certo, que a prestación do servizo está cumprindo os obxectivos dentro do marco establecido no art. 5 dos estatutos.

Tamén nas ditas Memorias, incidíase na situación económica que repercutía loricamente no Consorcio, obrigando a restrinxir, ao máximo, o gasto, por mor tamén da repercusión nas dúas Administracións que forman esta entidade da dita situación e lembrábanse tamén o elenco de normas que se tiñan aprobado co obxecto de alcanzar os obxectivos de estabilidade no conxunto das Administracións públicas, e moi especialmente, a Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, que regula, nun texto único, a estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira de todas as Administracións Públicas: Estado, Comunidades Autónomas, Corporacións Locais e Seguridade Social. Lei que entre outra obriga, implica que a xestión dos recursos públicos deberá estar orientada pola eficacia, a eficiencia, a economía e a calidade, a cuxo fin se aplicarán políticas de racionalización do gasto e de mellora da xestión do sector público de tal forma que calquera tipo de actuación da Administración que afecte aos gastos ou aos ingresos públicos, presentes ou futuros, deberá valorar as súas repercusións e efectos e supeditarse, de forma estricta, ao cumprimento das esixencias dos principios de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.

Tamén se indicaba en 2014 que a situación de restricción do gasto no conxunto das Administracións públicas, seguía a ser unha das bases para que poidan alcanzarse os obxectivos de estabilidade e déficit aprobados, de forma que a repercusión que isto tiña no Consorcio, materializábase na diminución das previsións que para o seu sostemento se achegarán no exercicio de 2014.

Pois ben, esa situación, no proxecto de Orzamento de 2015, é distinta, a lo menos, inicialmente, xa que logo, tras realizar os cálculos do novo contrato da xestión do servizo, se inclúe no proxecto (no Estado de Gastos) o prezo da licitación, o que implica un incremento nese capítulo que, xunto co breve aumento tamén no que atinxe aos investimentos do Capítulo VI, inicide finalmente e tamén, no correspondente aumento do Orzamento. Isto, loricamente, con independencia de que, logo da adjudicación do dito contrato, resulten unhas necesidades inferiores aos créditos orzamentarios e, no seu caso, se diminúan as achegas ou, se proceda a acordar o máis convinte para as Administracións que forman o Consorcio e este mesmo.

Así pois, o certo é que -como tamén se dicía na Memoria de 2014-, que queda plenamente garantida a prestación do servizo público fin básico do Consorcio e, ao tempo, a rendibilización dos recursos das distintas Administracións.



En consecuencia, e como se verá, as principais modificacións do documento orzamentario que se presenta para 2015, áchanse reflectidas no que atinxe ao Estado de Gastos, nos capítulos II e VI do, e respecto do estado de ingresos, nos capítulos III (pola natureza, non pola contía) e capítulo IV.

Sobre a base das consideracións que preceden, e xunto coa colaboración e suxestións realizadas pola Xerencia nas funcións que a estes efectos lle atribúe o artigo 16.2.b) dos Estatutos, a continuación se desenvolven, respecto ós Estados de Gastos e Ingresos, capítulo por capítulo, as novidades introducidas e as xustificacións ó respecto, finalizando esta Memoria cunha conclusión de resume do exposto.

### **Estado de Gastos:**

O **Capítulo I**, tal e como se indicou, mantén idéntica contía que o e Orzamento de 2013 e anteriores en aplicación do sinalado nos arts. 20 e seguintes do Proxecto de Lei de Orzamentos Xerais do Estado para 2015.

Respecto do **Capítulo II**, reflicte a orixe do modo de prestación do servizo, xa que supón, case, un 94% dos gastos totais orzamentados para 2014, sendo continuidade resultante do sinalado nas Consideracións previas, non presentando, realmente, variación substancial respecto de exercicios anteriores, xa que logo:

- Se recollen as obrigas da contratación indirecta do servizo atendido o prezo de licitación que figura nos documentos do expediente ata a data elaborados (pendentes da súa aprobación polo Pleno).
- O resto dos gastos do Capítulo II, non experimenta variación (agás, reposicións por prórrogas en contía de 17.000€
- Os gastos de administración xeral non contemplan ningunha variación respecto a 2014.

Por lo que toca ao **Capítulo III**, non experimenta variación respecto a 2012, 2014 e anteriores.

En relación co **Capítulo IV**, inclúe idéntica contía que en 2014, co gallo do Convenio co Concello de Ferrol para a prestación do servizo, aínda que, á presente data non consta aprobación ou prórroga do mesmo por parte do dito Concello.

O **Capítulo VI** como se indicou experimenta un leve incremento respecto a 2014, derivado, á súa vez, da incremento das achegas das dúas Administracións que forman este Consorcio.

No que atinxe ós **Capítulos VII, VIII e IX** non experimentan variación respecto dos exercicios de 2011 e precedentes, non recolléndose, consecuentemente, consignación ningunha naqueles.

### **Estado de ingresos:**

Os **Capítulos I e II**, carecen de previsión por non ser de aplicación ao Consorcio os tributos que recollen.

O **Capítulo III** presenta dúas variacións, si ben as previsións, tanto no que respecta recadación da taxa pola prestación do servizo, como á da taxa por expedición de documentos administrativos, reflicten idéntica contía que as previsións aprobadas para 2014, no que atinxe a previsión de ingresos polas contribucións especiais, desaparece a previsión de ingreso, xa que logo e polo Convenio aprobado en 15 de xullo de 2014, a previsión é polo mantemento do servizo tal e como recolle a Ordenanza Fiscal nº 4. Malia ditas variacións, e como pode observarse no importe final do Capítulo VIII, cuantitativamente, non experimenta variación respecto ao importe inicialmente previsto en 2014.



Respecto ao **Capítulo IV** reflicte, como se indicou, a maior modificación, no que atinxe ao estado de ingresos, respecto do Orzamento aprobado en 2014 polo incremento nas achegas das dúas Administracións consorciadas, asignándose de cara ao financiamento do Convenio co Concello de Ferrol a totalidade das achegas, á Xunta de Galicia, xa que, á presente data o Convenio non está asinado.

En canto ás previsións incluídas no **Capítulo V** non experimentan variación ningunha respecto ás de 2013.

No que respecta ao **Capítulo VI**, tampouco experimenta variación, xa que non se prevé venta de patrimonio desta Administración, polo que loxicamente, a previsión de ingreso é de 0,00 €.

No que atinxe ás transferencias de capital recollidas no **Capítulo VII**, tampouco ten variación respecto das previsións de 2013 tendo en conta que, desde o ano 2010 é o propio Consorcio o que financia os investimentos a través dos seus tributos propios así como tamén, acudindo ao aforro derivado do remanente de tesourería.

Por último, os **Capítulos VIII e IX**, ao igual que nos Orzamentos precedentes, non reflicte previsión de ingreso ningunha.

### Conclusión:

O Orzamento que se propón para a súa aprobación, reflicte a sinalada continuidade no mantemento do servizo que este Consorcio presta á sociedade dentro da especial situación económica actual e baixo os seguintes elementos:

- O incremento que experimenta o Capítulo II do estado de gastos para afrontar tanto os vixentes contratos como o novo contrato da xestión, mediante concesión administrativa do servizo de prevención e intervención en emerxencias no prezo de licitación (IVA incluído) que recollen os documentos (estudos previos, pregos de cláusulas administrativas particulares, etc.) do expediente, pendente de aprobación, á esta data, polo Pleno do Consorcio).
- O incremento, das transferencias do Capítulo IV do estado de ingresos, que corresponden ás achegas das Administracións consorciadas para afrontar o gasto corrente e, en especial, o contrato sinalado no apartado anterior.
- O leve incremento que experimentan os investimentos e reflicte o Capítulo VI do estado de gastos.
- A desaparición da previsión de recadación no que atinxe ás contribucións especiais e, ao tempo, a inclusión da previsión do ingreso procedente da Taxa polo mantemento do servizo en función do Convenio aprobado coa Xestora de Concertos (Unespa), en 15 de xullo de 2014, cambios que, ao cabo, non supoñen alteración cuantitativa ningunha respecto ao total das previsións iniciais aprobadas con ocasión da aprobación do Orzamento de 2014.

Como xa se indicou tamén na Memorias sinaladas ao principio, estase na obriga de rendibilizar os recursos dos que se dispón atendendo, en primeiro lugar, ás necesidades e compromisos, é por iso, debe quedar netamente reflectido que a prestación do servizo e, concretamente, as esixencias contidas no art. 110.2 do texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, no que atinxe ao novo contrato, áchanse cubertos na súa totalidade, e polo tanto, o servizo público obxecto deste Consorcio, non vai sufrir deterioro nin na asignación dos recursos nin na calidade da súa prestación que queda, en todo caso, asegurada, como se desprende das asignacións económicas ás aplicacións que, de cara aos parques comarcais, reflicte o capítulo II do estado de gastos.

A presente Memoria xúntase co resto da documentación elaborada ao Proxecto de Orzamento deste Consorcio para o exercicio de 2015, a fin de que completado en legal forma o contido do expediente,



poida examinarse polo Pleno da Entidade, quen, como órgano competente, realizará as actuacións de aprobación, emenda ou devolución, e para o cal se somete ó seu fundado criterio.

Carballo, 10 de novembro de 2014.-

**O presidente,**

Asdo.: Santiago Villarveya Alvarez



**Vista a Memoria do proxecto do Orzamento de 2015, Luís Menor Pérez, como presidente do Consorcio deste a presente data, dou conformidade á Memoria que precede.**

**O presidente,**

A Coruña para Carballo, 20 de novembro de 2014.-

Asdo.: Luís Menor Pérez

